

INFORMACIÓN SOBRE DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA PODER CELEBRAR FESTAS OU VERBENAS POPULARES

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR CON CARÁCTER XERAL:

1. Declaración responsable asinada polo solicitante ou representante. Esta declaración farase en formato memoria explicativa (**ANEXO I**) indicando como mínimo: que se vai facer, horario, lugar de celebración e previsión de asistencia de público. Para o caso de que o Concello non poida saber claramente o lugar de celebración, deberá achegar plano de situación.
2. Seguro de Responsabilidade Civil que cubra os riscos do evento. Acreditarase cun exemplar da póliza e co recibo de pagamento. Estará a nome da persoa ou entidade organizadora.

Capitais mínimos das pólizas de seguros:

- a) Unha festa na que concorran ata 100 persoas: 300.000€
 - b) ata 150 persoas: 400.000€
 - c) ata 300 persoas: 600.000€
 - d) ata 500 persoas: 750.000€
 - e) ata 1.000 persoas: 900.000€
 - f) ata 1.500 persoas: 1.200.000€
 - g) ata 2.500 persoas: 1.600.000€
 - h) ata 5.000 persoas: 2.000.000€
 - i) > a 5.000 persoas: o capital mínimo increméntase en 60.000€ por cada 1000 persoas ou fracción > a 5.000 persoas. Máximo 6.000.000€
- En espazos abertos ao público, non delimitados, capacidade indeterminada à capital mínimo 600.000€ (se autorización), 300.000€ (se declaración responsable)
 - Instalacións e estruturas en feiras/atraccións en espazos abertos, con capacidade indeterminada à capital mínimo 150.000€ por cada instalación/estrutura.

OUTRA DOCUMENTACIÓN QUE PODE SER ESIXIBLE DEPENDENDO DA FESTA, DAS INSTALACIÓNS QUE EXISTAN E DO LUGAR DE CELEBRACIÓN:

1) Se resulta precisa unha instalación eléctrica ou a utilización de xerador: certificado ou boletín de instalación eléctrica emitido polo instalador autorizado oficial. O boletín eléctrico en baixa tensión é o documento oficial que corrobora que a instalación está en bo estado e que cumpre cos requisitos esixidos pola normativa para o subministro eléctrico. No caso de utilizar xerador, declaración CE de conformidade do equipo xerador

2) Se existe escenario móbil: declaración de conformidade do fabricante CE e copia da documentación da ITV conforme; ou documento análogo acreditativo da idoneidade (subscrito por técnico competente). Trátase de garantir que o escenario ou estrutura móbil reúna as condicións de seguridade para o desenvolvemento da actividade que se pretende realizar, consonte a normativa aplicable.

3) Autorización dos propietarios do terreo onde se celebre a festa, no caso de que sexan terreos privados.

4) Se existe, ademais do escenario móbil, a montaxe de estruturas non permanentes desmontables:

- Documento responsabilidade técnica montaxe instalación.
- Marcación CE e declaración CE conformidade instalacións.

5) En canto á exixencia dun proxecto técnico (entendido como o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable), con carácter xeral, para as festas populares tradicionais que se celebran ó aire libre no Concello de Redondela e que non son de gran concorrencia, existindo escenario móbil e algún posto de venda, NON se esixirá. Cando sexa esixible, o seu contido deberá modularse en función da entidade da actuación a desenvolver.

6) O Plan de autoprotección será esixible consonte o disposto na súa normativa específica. De conformidade co Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, será esixible nos casos seguintes:

- en espazos pechados con capacidade igual ou superior a 2.000 persoas, ou cunha altura de evacuación igual ou superior a 28 metros;
- en instalacións pechadas desmontables ou de tempada con capacidade ou aforamento igual ou superior a 2.500 persoas;
- e ao aire libre, en xeral, aquelas con unha capacidade igual ou superior a 20.000 persoas.

O documento de responsabilidade técnica deberá certificar que o desenvolvemento da actividade que se vai realizar é conforme co contido da autorización que se lle outorga (aforo, límite ruidos, etcétera) con base na memoria ou proxecto presentados.

7) No tocante á outra documentación a presentar (relativa a ruidos, qumentamento, contaminación acústica, etcétera) deberá entenderse que será a esixible pola súa normativa específica en función das características da actividade.

8) Nos supostos en que as diversións ou recreos requiran da montaxe de atraccións ou outras construcións ou estruturas ou da instalación de dispositivos mecánicos ou electrónicos potencialmente perigosos, uns e outros terán que seren recoñecidos previamente por facultativo idóneo, que emitirá o oportuno informe sobre as condicións de seguridade que os mesmos reúnan para o público. Complementariamente poderá aportar certificado de revisión anual da atracción visado polo colexio oficial correspondente. Deberá aportar seguro de responsabilidade civil de capital mínimo 150.000€ por cada instalación/estrutura.

Será obrigatorio que calquera tipo de cableado das instalacións esté soterrado ou se atope en voo de maneira que o público asistente non teña acceso a el.

COUSAS QUE DEBE SABER respecto do horario e dos seguros:

HORARIO de verbenas e festas populares:

Ata as 03.30 horas. Non obstante, as noites que van de xoves a venres, de venres a sábado, de sábado a domingo e de domingo a luns, así como as noites anteriores aos festivos e a do festivo, estes horarios ampliaranse media hora (Orde do 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, en vigor mentres non se aprobe a orde á que se refire o art. 17 da Lei 10/2017, 27 dec).

SEGUROS: O seguro deberá cubrir a responsabilidade civil que sexa imputable, directa, solidaria ou subsidiariamente, ás persoas organizadoras dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas, de tal maneira que cubra os danos persoais e materiais e os prexuízos consecutivos ocasionados ás persoas usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e aos seus bens, sempre que os ditos danos e perdas sexan producidos como consecuencia da xestión e explotación do establecemento ou da realización do espectáculo público ou da actividade recreativa, así como da actividade do persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A CELEBRACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS

D/D^a _____
en representación de _____
con endereço en _____
teléfono _____ DNI/CIF _____

DATOS DA ACTIVIDADE:

Evento: _____

Data/s: _____ Ubicación: _____

No evento van soar temas musicais protexidos polo dereito de propiedade intelectual, polo que declaro responsablemente que realizamos o pagamento dos dereitos de autor á SGAE.

Non van soar temas musicais protexidos polo dereito de propiedade intelectual.

Descrición do evento, horario, actividades e aforo:

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que cumpro todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade e que dispoño da documentación que así o acredita.

Redondela _____ de _____ de 201__

Asdo.: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE REDONDELA

De acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, informámoslle que os seus datos persoais van ser incorporados nun ficheiro cuxo responsable é o Concello de Redondela con domicilio en: Alfonso XII, 2 – Redondela; onde poderá exercitar, en todo momento, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición. Mediante a facilitación dos seus datos persoais, vostede autoriza o seu tratamento coa finalidade de tramitar o contido da presente ficha aos efectos oportunos.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

1.- Memoria descriptiva, indicando horarios e concretando as actividades a desenvolver, así como o aforo previsto, etc. Plano de situación (aportarase no caso de que o Concello non poida saber a partir da memoria explicativa o lugar exacto de celebración).

2.- Seguro de responsabilidade civil, (aforo ata 100 persoas: capital mínimo 300.000€, ata 150 persoas: 400.000€, ata 300 persoas: 600.000€, ata 500 persoas: 750.000€, ata 1.000 persoas: 900.000€, ata 1.500 persoas: 1.200.000€, ata 2.500 persoas: 1.600.000€, ata 5.000 persoas: 2.000.000€) e xustificante de pagamento.

En espazos abertos ao público, non delimitados e de capacidade indeterminada: capital mínimo: 300.000€

Instalacións e estruturas en feiras, atraccións en espazos abertos e de capacidade indeterminada: capital mínimo: 150.000€ por cada instalación/estrutura

3. **Se existe escenario móbil:** declaración de conformidade do fabricante CE e copia da documentación da ITV conforme; ou documento análogo acreditativo da idoneidade (subscrito por técnico competente). Trátase de garantir que o escenario ou estrutura móbil reúna as condicións de seguridade para o desenvolvemento da actividade que se pretende realizar, consonte a normativa aplicable.

4.- Autorización do/a titular/s do terreo no caso que sexa privado.

5.- Se for o caso, autorización, informe ou declaración ambiental que proceda de conformidade coa normativa específica aplicable.

6.- Se for o caso, proxecto e a documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade. Deberá incluír un plan de autoprotección de ser necesario conforme á normativa.

7.- Se for o caso, documento acreditativo asinado polo/a interesado/a da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto.

8.- Se for o caso, boletín de instalación eléctrica ou no caso de utilizar xerador, declaración CE de conformidade do equipo xerador

9.- Se existe montaxe de estruturas non permanentes desmontables:

- Documento responsabilidade técnica montaxe instalación
- Marcación CE e declaración CE conformidade instalacións